



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REGISTRO XERAL	
19 NOV 2015	
N.º ENTRADA 32706	N.º SAIDA
Concello de Leiro	

CONCELLO DE LEIRO (OURENSE)	
REGISTRO	
Data:	13/11/2015
Número	Entrada: _____ Saída: 786

FRANCISCO JOSE FERNANDEZ PEREZ (1 para 1)
ALCALDE
Data de Simatura: 12/11/2015
HASH: b4044ba6b426e043504b25325da4645a

Xunto remítolle certificación do acordó adoptado polo Pleno deste Concello, en sesión celebrada o día 26 de outubro de 2015, adheríndose ao convenio marco de cooperación da Deputación Provincial de Ourense coas entidades locais en materia de transparencia e acceso á información pública.

Leiro, 12 de novembro de 2015

O ALCALDE

Documento asinado electrónicamente (artigo 19 da Lei 11/2007), por Francisco José Fernández Pérez, Alcalde do Concello de Leiro.

ILMO. SR. PRESIDENTE DEPUTACIÓN PROVINCIAL

OURENSE

Concello de Leiro

C/ Gabino Bugallal, 39, Leiro, 32420 Ourense, Tfno. 988488000, Fax: 988488463



Cod. Validación: A7PTSYKYEA3EPYDYDRYLAPGKJ | Corrección: http://leiro.sedelectronica.es/
Documento asinado electrónicamente desde a plataforma xestión esPublico | Páxina 1 a 1



CONCELLO DE LEIRO

C/ GABINO BUGALLAL, 39. 32420 LEIRO (OURENSE)
Tfno.: 988 48 80 00 Fax: 988 48 84 63

Leiro a 6 de Novembro de 2015

FERNANDO JOSÉ ESTEBAN MERUÉNDANO SECRETARIO DO CONCELLO DE LEIRO

CERTIFICO:

Que na Sesión que se indica e en relación co asunto que se cita adoptouse o seguinte acordo:

26 de Outubro de 2015
PLENO ORDINARIO

4.- ADHESIÓN AO CONVENIO MARCO DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN DE OURENSE COAS ENTIDADES LOCAIS EN MATERIA DE TRANSPARENCIA E ACCESO A INFORMACIÓN PÚBLICA.

Dase conta de escrito da Deputación Provincial de Ourense remitindo certificación do acordo adoptado polo Pleno desa corporación en sesión celebrada o día 25 de setembro de 2015 sobre o convenio marco de cooperación entre a deputación e as entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública, propoñendo o Sr. Alcalde a súa adhesión ó mesmo.

Aberto o debate don Manuel Rodríguez Vázquez, do PS de G-PSOE, manifesta que se trata dun instrumento para o control democrático e que a Deputación de Ourense estivo moitos anos sen ser transparente, e en consecuencia, que sexa a deputación a que traiga este asunto deixa moito que desexar.

Don Luís Pérez Estévez, do BNG, manifesta que lle parece ben que haxa transparencia.

Non habendo máis intervencións, por seis votos a favor (grupo PP) e tres abstencións (Grupo PS de G-PSOE, Grupo BNG e don Pedro Fernández Ríos), acórdase:

- 1.- Aprobar a adhesión deste Concello de Leiro ao convenio marco de cooperación da Deputación de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.
- 2.- Transferirle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información pública e Bo Goberno, nos termos previstos no dito convenio.
- 3.- Designar como persoa responsable da execución do convenio a dona M^a Isabel Covela López. Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao Alcalde para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta ó Pleno.

E para que así conste, asino a presente no lugar e data arriba indicada.

Vº e Prace
O ALCALDE

USE FERNANDEZ PEREZ (1 para 2)

FRAN

ALCAL

Data de Sinatura: 13/11/2015

HASH: bf044ba6b426e043504b25325da4645a

FERNANDO JOSÉ ESTEBAN MERUÉNDANO (2 para 2)

SECRETARIO INTERVENTOR

Data de Sinatura: 13/11/2015

HASH: 5e1557f4b610249f5f27b086a0c3c12c



Cod. Validación: SEJ9DA7L5PHAWDHCKJJEZAN | Corrección: http://info.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1